

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIIS E A ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA XX EDICIÓN DOS PREMIOS DO AUDIOVISUAL GALEGO MESTRE MATEO NO ANO 2022

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, Román Rodríguez González, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q-6550009-B, actuando en nome e representación da mesma en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E doutra, Álvaro Jesús Pérez Becerra, na súa calidade de Presidente da Asociación Academia Galega do Audiovisual (en adiante Asociación), con NIF G-15844145 con poderes suficientes para actuar no nome da entidade en virtude do establecido nos seus estatutos e na acta da Asamblea ordinaria e electoral do 04.06.2021.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Segundo. A Asociación Academia Galega do Audiovisual é, segundo os seus estatutos, unha asociación sen ánimo de lucro no eido audiovisual que ten como finalidade fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas directa ou indirectamente coa produción audiovisual en todos os seus subsectores, xéneros e formatos.



A Asociación Academia Galega do Audiovisual é a única entidade en Galicia que aglutina a maior parte dos profesionais e creadores de todas as áreas do ámbito audiovisual (produción, dirección, escrita, interpretación, arte, promoción, fotografía, música, son, posproducción) que ten como fin principal a promoción e defensa da imaxe pública do conxunto dos profesionais do sector audiovisual de acordo co estipulado nos seus estatutos. Esta actividade de fomento está incluída na planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, o que, en engadido, xustifica a concesión desta subvención mediante a formalización do presente convenio de colaboración.

Terceiro. Entre as actividades que, para o cumprimento dos seus fins, desenvolve a Asociación figura a de premiar e galardoar os profesionais ou as obras audiovisuais máis destacadas no exercicio das súas actividades artísticas ou profesionais mediante a convocatoria anual dos Premios do Audiovisual Galego, máis coñecidos como "Premios Mestre Mateo".

A Asociación leva vinte anos organizando as sucesivas edicións dos premios Mestre Mateo, galardóns que aglutinan unha serie de actividades que teñen como evento culminante a gala máis importante do sector audiovisual galego, onde se recoñece e se pon en valor a profesionalidade e calidade dun sector en auge en Galicia, avalado polos excelentes resultados de crítica, audiencia e público das películas, series, programas, curtametraxes, documentais, anuncios publicitarios e videoclips, e que converten aos axentes implicados (actores, guionistas, presentadores, técnicos, directores e produtores) en referentes tanto dentro coma fóra da comunidade galega. Os Premios Mestre Mateo son un recoñecemento á industria do cine galego, á realidade televisiva galega e, en xeral, aos creadores do audiovisual galego, e constitúen, polo tanto, unha magnífica oportunidade para obter anualmente unha panorámica xeral deste importante ámbito da cultura.

Os premios chegan á súa XX edición nun momento particularmente complicado para o sector da cultura e a Asociación quere premiar o esforzo da profesión durante todo este tempo e reivindicar, ao tempo, a seguridade dos eventos culturais en tempos de pandemia ao apostar pola presencialidade xa non só na celebración da gala de entrega senón tamén recuperando o tradicional encontro dos finalistas, coa aplicación estrita das directrices establecidas polas autoridades sanitarias.

Supoñen estes premios un abano de actividades que van máis alá do acto de celebración da gala. O acto de lectura de finalistas, os encontros entre o alumnado de escolas e facultades de audiovisual galegas cos profesionais finalistas das diferentes categorías para darlles a coñecer os distintos perfís que interveñen nun proxecto audiovisual, así como a propia retransmisión en directo da gala a través da Televisión de Galicia, cunha alta e crecente cota de audiencia, síntoma inequívoco do grande apoio que o público lle ofrece ao audiovisual galego, converten este proxecto nun verdadeiro ámbito de proxección do traballo dos profesionais do sector audiovisual.

Cuarto. A Agadic, atendendo aos seus obxectivos de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positivas, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento dos Premios



Mestre Mateo co propósito de dotar de maior estabilidade ao sector, dinamizar o mercado interior e promover a proxección exterior dos produtos audiovisuais galegos e dos seus creadores.

Todo este esforzo no fomento dun sector como o audiovisual que realiza a través da organización destes premios a Asociación Academia Galega do Audiovisual coinciden coa liña de difusión e promoción do audiovisual que a Agadic leva a cabo, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas.

Quinto. A especificidade da actuación, o carácter representativo maioritario desta entidade e a súa inclusión nas directrices estratéxicas da Agadic así como a exclusividade como organizadora dos premios “Mestre Mateo” evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrència pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública, como é o caso.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da XX edición dos Premios do Audiovisual Galego Mestre Mateo que desenvolve a Asociación Academia Galega do Audiovisual.



SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO PROGAMA

O programa contempla o desenvolvemento da XX edición dos Premios Mestre Mateo, convocatoria que recoñece e estimula o labor desenvolvido pola profesión audiovisual en Galicia ao longo de 2021 nun total de 25 categorías, ademais do premio de honra Fernando Rey, distinción que premia a traxectoria profesional, e o premio revelación Chano Piñeiro, co que se pretende destacar iniciativas, profesionais ou fitos no audiovisual galego, e que ten o punto culminante na celebración da gala de entrega dos galardóns, que se celebra o 19 de marzo de 2022 no recinto Expocoruña, da Coruña.

Categorías:

Mellor Longametraxe	Mellor Comunicador/a de Televisión
Mellor Longametraxe de Animación	Mellor Dirección
Mellor Documental	Mellor Guión
Mellor Serie de Televisión	Mellor Dirección de Fotografía
Mellor Serie Web	Mellor Dirección de Arte
Mellor Programa	Mellor Montaxe
Mellor Curtametraxe de Imaxe Real	Mellor Realización
Mellor Anuncio Publicitario	Mellor Música Orixinal
Mellor Videoclip	Mellor Son
Mellor Interpretación Feminina Protagonista	Mellor Vestiario
Mellor Interpretación Masculina Protagonista	Mellor Maquillaxe e Perruquería
Mellor Interpretación Feminina de Reparto	Mellor Dirección de Producción
Mellor Interpretación Masculina de Reparto	

Completan este recoñecemento á industria do cine e televisión feitos en Galicia unha serie de actividades paralelas á propia gala:

Lectura finalistas

Primeiro acto dos Premios Mestre Mateo onde se dan a coñecer aos candidatos finalistas nas distintas categorías, co que se pretende dar unha maior relevancia ao feito de conseguir ser finalista nos premios da Academia.

Recepción institucional e anuncio do XX Premio de Honra "Fernando Rey"

Novo formato de comunicación do premio que outorga a Academia a través de recepción institucional na que se dá a coñecer o homenaxeado nesta edición.

Encontro de finalistas

Antesala dos premios, á que acoden os artistas e técnicos das mellores producións do ano e que por primeira vez, e con motivo da celebración dos vinte anos da Academia, son recoñecidos con premios específicos outros valores destacables das producións e dos profesionais.



Gala

19 de marzo / Recinto Expocoruña, A Coruña

O mes de promoción do audiovisual galego culminará na gala de entrega de premios, que se retransmitirá en directo pola Televisión de Galicia. O adro central de Expocoruña acollerá os convidados nun formato renovado que seguirá o modelo de "cea de gala". As figuras máis destacadas e coñecidas do audiovisual galego serán as protagonistas dun espectáculo coral, con humor e atractivo, no que se irán coñecendo as producións e profesionais galardoados.

TERCEIRA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe de 65.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1 432B 781.00 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O orzamento total das actividades obxecto de subvención é de 207.380 euros (impostos incluídos). A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

CUARTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS E PAGAMENTOS A CONTA

Poderase realizar un pagamento anticipado por importe ata o 50 % do cantidade subvencionada, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á actividade subvencionada. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

A entidade tamén poderá solicitar pagos a conta, segundo o artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada. O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80 %.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se preveña a posibilidade de realizar pagamentos a conta ou anticipados. O artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos anticipados non superen os 18.000 €.

Segundo o artigo 67.2 do Regulamento, a garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade recíproca que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación. A garantía deberá cubrir o 110 % do importe das cantidades aboadas a conta ou das cantidades anticipadas.



No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SEXTA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluirase en toda a documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, todos os materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír os logotipos da Xunta de Galicia e Xacobeo 21.22, de acordo cos seus respectivos manuais de identidade corporativa.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



g) No seu caso, a carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

SÉTIMA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2022 e a data límite de xustificación (22 de agosto de 2022).

GASTOS SUBVENCIONABLES	IMPORTE
Guión e música	6.348,10
guión da gala, vídeos, música da gala en calquera dos seus conceptos (música gravada, actuacións en directo, dereitos musicais...).	
Persoal artístico	7.140,00
presentador da gala e demais actores, actrices, humoristas ou colaboradores participantes no espectáculo ou nos vídeos humorísticos creados para gala e para o resto dos eventos que forman parte dos XX Premios Mestre Mateo.	
Persoal técnico	37.393,47
persoal técnico necesario para o desenvolvemento das fases de produción, dirección, arte, vestuario, maquillaxe, perruquería...	
Auditorio	17.740,50
Alugueiro do recinto Expocoruña onde se celebrará a gala.	
Escenografía	26.871,40
decoración dos distintos espazos nos que se desenvolverán os eventos dos XX Premios Mestre Mateo.	
Montaxe vídeos VTRS	8.077,84
creación dos vídeos que se emiten o día da gala (tanto no recinto da gala como pola televisión) no que se recollen aos finalistas de cada categoría dos premios, así como os vídeos-sketches que forman parte do espectáculo, os vídeos que homenaxean aos compañeiros/as da profesión falecidos durante o ano, o vídeo homenaxe aos premios honoríficos., así como os vídeos creados para a difusión dos premios nas redes sociais.	
Equipamentos técnicos	24.732,62
despregamento necesario no recinto de Expocoruña para o son, iluminar e emitir por televisión a gala así como todas as retransmisións en streaming das distintas actividades dos XX Premios Mestre Mateo.	
Deseño gráfico e impresión de materiais	36.001,39
Gastos de deseño de imaxe dos XX Premios Mestre Mateo, realización das distintas aplicacións gráficas (convites, cartelería, photocall, aplicacións web, redes sociais, etc) e de impresión.	



Viaxes, mantenzas e aloxamentos	15.241,90
gastos de desprazamento, mantenza e aloxamento dos equipos técnicos e artísticos e cáterins ofrecidos aos convidados nos distintos eventos que conforman a XX edición dos premios.	
Notaría, servizos de xestión laboral e seguros	1.180,71
servizos de notaría encargado de dar fe do reconto dos votos das académicas e académicos tanto na fase de finalistas como de gañadores, contratación dos seguros de accidentes colectivos con motivo dos XX Mestre Mateo e servizos de xestión das altas laborais do persoal.	
Plataforma visionado obras e votación candidatos	2.152,51
Para que os académicos poidan visionar as obras participantes e elixir os finalistas e gañadores de cada categoría, a Academia creou unha plataforma en liña onde se recompilan as obras inscritas en cada edición dos PMM. Esta partida correspóndese coa preparación dos contidos desta plataforma que cada ano é necesario realizar.	
gastos de produción	10.875,79
gastos necesarios para levar a cabo os Premios Mestre Mateo como a elaboración dos galardóns, protocolo, alugueiro de furgonetas, material prevención Covid...	
Gastos de persoal vinculados ás actividades do proxecto	13.623,78
1. Gastos de persoal para os labores de produción executiva e deseño do evento baixo as directrices da Xunta directiva da Academia. Impútase á actividade o 55 % dos custes laborais dos meses de xaneiro e febreiro e o 65 % do mes de marzo.	4.301,91
2. Gastos de persoal para os labores de coordinación de todas as cuestións da fase concurso dos premios (inscricións, participantes, votacións, etc.) así como todos aqueles asuntos dos Premios ligados á Academia (subvencións, xustificacións, control de gasto, contabilidade, pagos, etc). Impútase á actividade o 50 % do seu custe durante os meses de xaneiro a abril e o 30 % dos meses de maio e xuño.	5.771,58
3. Gastos de persoal para os labores de elaboración e execución do plan de comunicación do evento. Impútase á actividade o 50 % do seu custe dos meses de xaneiro e febreiro, o 45 % do mes de marzo e o 30 % do mes de abril.	3.550,29
TOTAL	207.380

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o 22 de agosto de 2022. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, estas terán como data límite o 15 de novembro do ano 2022.

4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria declare que se atopa exenta ou suxeita á modalidade de rateo na declaración do IVE.

5. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais, así como os derivados da garantía bancaria que no seu caso se constituía para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están



directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

OITAVA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓN DE PAGAMENTO

A entidade deberá xustificar o custo total da actividade (**207.380 euros**).

1. O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

a) Ata o 50 % do importe subvencionado poderase aboar en concepto de pagamento anticipado logo da formalización do convenio, previa a presentación pola entidade beneficiaria da seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
2. A declaración responsable de non incorrer nalgunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
3. Solicitud de anticipo acompañada dunha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

4. En caso de que o anticipo solicitado supere os 18.000 euros, o seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou aval solidario de entidade de crédito ou sociedade recíproca, que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación e que deberá cubrir o 110 % do importe solicitado.

b) A cantidade restante, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión dos logotipos da Xunta de Galicia e do Xacobeo 21.22.
2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]).



- En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso correspondente.
- Unha memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantenza, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade subvencionada; e todas aquelas cuestións que se considere precisen explicación.

3. Declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada.

4. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria.

5. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona.

6. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

7. Declaración responsable de exención ou suxeición á obriga de declarar o IVE.

En canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deberán entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada. A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á entidade.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o 22 de agosto de 2022.

NOVENA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

3. As partes asinantes do convenio manifiestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas, nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas



todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

- A persoa titular da presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que o substitúa.
- A persoa titular da dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.

3. Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Agadic.

DÉCIMO SEGUNDA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO TERCEIRA. PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN, REINTEGRO E SANCIÓN

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento do importe do convenio no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no clausulado deste convenio,



das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida no seguintes casos:

- a) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento do obxecto do convenio e a execución do proxecto.
- b) Non comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
- c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, nin achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Non acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención o incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión da axuda. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver o seu alcance (e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro) cos seguintes criterios:

- no caso de condicións referentes á contía subvencionable, o alcance do cumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.

- no caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención (coa inclusión en toda a documentación e soportes de difusión das actividades, impresos e en liña, dos logotipos da Xunta de Galicia e Xacobeo 21.22, de acordo cos seus respectivos manuais de identidade corporativa), reducirase un 2 % o importe da subvención, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.

5. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.



2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

- a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO QUINTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEXTA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).



DÉCIMO SÉTIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2022.

DÉCIMO OITAVA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

POLA AGADIC

Román Rodríguez González

Presidente do Consello Reitor da Agadic

POLA ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

Álvaro Jesús Pérez Becerra

Presidente

